

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

ORDE do 12 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a participación de persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras nos festivais e nas feiras internacionais do sector do libro que teñan lugar en 2019, e se convocan para o dito ano (código de procedemento CT221A).

A Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19 do Estatuto de autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.17ª da Constitución española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura e Turismo vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral. Así mesmo, é competencia desta consellería o apoio á produción editorial e a promoción da participación en festivais e feiras do sector do libro.

Pola súa parte, a Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, no artigo 18 establece a promoción por parte da Xunta de Galicia das actividades feirais no sector. As feiras e os festivais teñen como obxectivos primordiais o achegamento do libro aos seus potenciais lectores, mediante a súa exhibición, difusión e comercialización tanto dentro coma fóra de Galicia.

A Consellería de Cultura e Turismo desenvolve as actividades relacionadas coa promoción da cultura galega en xeral e da produción creadora en particular, fóra do territorio da Comunidade, consonte o establecido no marco competencial vixente. As actuacións encádranse dentro dunha política baseada na identidade e na ocupación plena dos espazos que lle corresponden a Galicia, e tamén en incorporar á cultura galega o máis interesante a través dos correspondentes intercambios intelectuais. A finalidade última é crear novas vías abrindo amplos escaparates a diferentes actividades susceptibles de comunicación a través da súa venda ou exposición pública.

Por este motivo, dentro das responsabilidades que lle competen, no uso das facultades que se lle confiren, e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura e Turismo establece subvencións de apoio a aquelas persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras que desexen participar nos festivais e nas feiras internacionais do sector do libro como medio de favorecer a súa internacionalización.



No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Turismo quere con esta orde establecer un instrumento que, conforme a normativa legal vixente, marque as pautas para unha distribución, segundo os criterios de publicidade, obxectividade e non concorrencia, dos recursos destinados ao libro, axustada ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na súa virtude, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que establecen o procedemento de concesión de subvencións a persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras que desenvolvan a súa actividade no sector do libro e no ámbito da Comunidade Autónoma galega, para facilitar a súa participación en festivais e feiras internacionais do dito sector que teñan lugar no ano 2019 (código de procedemento CT221A).

Serán obxecto de subvención os gastos de viaxe que permitan a asistencia a festivais e feiras internacionais do sector do libro. Fináncianse os gastos realizados que respondan de xeito directo e indubidable á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para a realización da dita actividade.

2. Así mesmo, ten por obxecto convocar a dita subvención para o ano 2019.

Artigo 2. *Natureza e concorrencia das axudas*

1. As axudas establecidas nesta orde para apoiar a participación en festivais e feiras internacionais do sector do libro das persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras que desenvolvan a súa actividade neste sector quedan suxeitas ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 24 de decembro de 2013, L352/1).

2. As axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites sinalados no Regulamento (UE) nº 1407/2013. A contía total das axudas *de minimis* concedidas a unha empresa non poderá exceder os 200.000,00 euros nun período de tres exercicios fiscais.



Este limiar aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido. As axudas *de minimis* non se acumularán a ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se a dita acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

3. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coas garantías previstas no artigo 31.4 da dita lei, e con base no disposto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

4. A concesión destas axudas efectuarase tendo en conta a data de presentación de cada unha das solicitudes, sempre que se cumpran os requisitos para poder ser beneficiarios, e estará en calquera caso condicionada á existencia de crédito orzamentario. No caso de esgotamento do crédito establecido para esta subvención, a Dirección Xeral de Políticas Culturais publicará esta circunstancia no DOG, o que comportará a inadmisión das solicitudes presentadas con posterioridade á data de publicación sen prexuízo de que se poida incrementar o crédito orzamentario nos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra que poida ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo a persoa beneficiaria.

Artigo 3. *Requisitos para obter a condición de persoas beneficiarias e exclusións*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde as persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras que acrediten esta condición e desenvolvan a súa actividade no sector do libro no ámbito da Comunidade Autónoma galega e que cumpran, ademais, os seguintes requisitos debidamente acreditados:

a) Ter asistido e participado nun festival ou nunha feira internacional do sector do libro no prazo establecido nesta orde.

b) Que acrediten o desenvolvemento da súa actividade obxecto da subvención no sector do libro no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

CVE-DOG: 3wbeabd9-chx0-3d60-4vf3-0exk31xmoch1



c) Ter publicado obra en Galicia e na actividade para a cal se solicita a subvención nos tres anos anteriores á publicación desta orde.

2. En todo caso, estarán suxeitas ás limitacións que establece o punto seguinte deste artigo.

3. Non se poden beneficiar das axudas recollidas nesta orde aquelas persoas solicitantes que se encontren nos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Imputación orzamentaria e contía das subvencións*

1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432A.770.01 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, por un importe de 30.000,00 euros.

2. O financiamento dos gastos da viaxe é o referido ao aloxamento e transporte e terá o seguinte importe por ámbito xeográfico de destino, sempre que se xustifique:

– Unión Europea: 600 euros.

– Fóra da Unión Europea: 1.500 euros.

3. Este importe pode ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5. *Gastos subvencionables e excluídos*

1. Son subvencionables os gastos realizados que respondan de xeito directo e indubidable á natureza da actividade subvencionable, resulten estritamente necesarios, se realicen no prazo establecido na presente orde e estean facturados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2019, sempre que exista crédito suficiente para o seu financiamento.

2. Serán obxecto de subvención os gastos de viaxe que permitan a asistencia a festivais e feiras internacionais do sector do libro das persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras que desenvolvan a súa actividade no sector do libro no ámbito da Comunidade Autónoma



galega e que cumpran os requisitos para poderen ser beneficiarias segundo o disposto no artigo 3 desta orde.

Para o establecemento da contía que se pode percibir en concepto de gasto de viaxe valorarase, exclusivamente, a xustificación documental dos gastos de aloxamento e transporte.

3. Serán obxecto de subvención os gastos da viaxe que permitan a asistencia a unha única feira ou festival internacional do sector do libro por persoa beneficiaria.

4. Quedan expresamente excluídos desta subvención os gastos de manutención ou calquera outro gasto que non se refira de xeito indubidable á natureza da subvención.

Artigo 6. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, segundo o modelo que se incorpora como anexo I. Soamente se poderá solicitar axuda para a asistencia a unha única feira ou festival internacional do sector do libro.

2. Opcionalmente, poderán presentar as súas solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Para a presentación das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 7. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 8. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. Coa solicitude deberase achegar copia da seguinte documentación:

a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación deberase acreditar a través do modelo



normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>.

b) Memoria xustificativa da necesidade e motivación da asistencia á feira ou ao festival internacional solicitado.

2. Documentación acreditativa de que cumpre os requisitos establecidos no artigo 3 desta orde para poder ser persoa beneficiaria:

a) Que desenvolva a súa actividade no sector do libro como persoa escritora, ilustradora ou tradutora, achegando a seguinte documentación:

– Copia do último recibo do imposto de actividades económicas, certificado de exención, no caso de proceder, ou declaración xurada de tal exención.

– Copia da alta en autónomos, de ser o caso.

b) Ter publicado obra en Galicia e na actividade para a cal se solicita a subvención nos tres anos anteriores á publicación desta orde.

– Documentación en que conste o ISBN e o depósito legal dos títulos publicados nos tres anos anteriores á data de publicación desta orde. No caso de non ser posible achegar a dita documentación, terase que presentar un exemplar completo da obra publicada en soporte papel, posto que é inviable a súa presentación electrónica, a prol dunha mellor racionalización dos recursos administrativos e tamén por motivos legais.

3. A documentación que se achegue coa solicitude debe estar obrigatoriamente nunha das dúas linguas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución, certificada pola persoa solicitante, que será responsable da súa veracidade.

4. A Dirección Xeral de Políticas Culturais poderalles pedir ás persoas solicitantes que acheguen a documentación complementaria ou orixinais que considere necesarios para acreditar os datos que figuren na solicitude, incluídos albarás, facturas, certificados de tiraxe e de distribución, etc.

5. As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que exista constancia de que sexan auténticas. Excepcionalmente, a

CVE-DOG: 3wbeabd9-chx0-3d60-4vf3-0exk31xmoch1



Dirección Xeral de Políticas Culturais poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo coa copia electrónica presentada.

6. Para o caso de que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberán indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

Artigo 9. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberán indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

3. No caso de que algún dos documentos que se presenten de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Documento nacional de identidade ou, se é o caso, número de identidade de estranxeiro da persoa solicitante.

b) Documento nacional de identidade ou, se é o caso, número de identidade de estranxeiro da persoa representante.



c) Alta no imposto de actividades económicas referido á epígrafe correspondente a persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras, de ser o caso.

d) Certificado de domicilio fiscal, de ser o caso.

e) Certificacións da AEAT, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.

2. Cando as persoas interesadas se opoñan a estas consultas, deberán facelo constar nos correspondentes cadros habilitados para tal efecto na solicitude e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos.

3. No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Emenda das solicitudes*

Se a documentación presentada é incompleta ou presenta erros emendables, requírase a persoa solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles, rectifique a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se terá por desistida da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. *Procedemento de instrución*

1. Corresponde á Subdirección Xeral de Bibliotecas a instrución do procedemento de concesión de subvencións e realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

2. Ás solicitudes que se axusten aos requisitos establecidos nesta convocatoria asignaráselles a cantidade correspondente ao ámbito xeográfico para o cal se solicita a feira ou o festival por orde de entrada da solicitude segundo a lexislación vixente, ata que, de ser o caso, se esgote o crédito dispoñible, tendo en conta que cada persoa solicitante pode



solicitar axuda para a asistencia a un único festival ou feira internacional e beneficiarse dunha única axuda.

3. Unha vez realizada a repartición, o órgano instructor elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral de Políticas Culturais, quen resolverá por delegación do conselleiro de Cultura e Turismo.

Artigo 13. *Resolución*

A persoa titular da Dirección Xeral de Políticas Culturais, por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo, no prazo de quince (15) días desde a elevación da proposta de resolución da Subdirección Xeral de Bibliotecas, ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nesta resolución incluíranse a relación de persoas beneficiarias e as cantidades concedidas por solicitude e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, farase pública na páxina web oficial da Consellería de Cultura e Turismo (<https://www.cultura.gal>). Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Artigo 14. *Notificación e desestimación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se realicen ou deixen de realizar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar, en todo caso, pola notificación



por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. O prazo para ditar e notificarlles ás persoas interesadas a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

7. O vencemento do dito prazo sen que se notifique a resolución expresa faculta a persoa interesada para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 15. *Publicación dos actos*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións administrativas, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web <https://www.cultura.gal>

Artigo 16. *Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizaren trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén se poderán tramitar presencialmente en



calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 17. *Aceptación e renuncia*

1. Logo de notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada pola representación da persoa beneficiaria.

2. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. No caso de renuncia, a persoa titular da Dirección Xeral de Políticas Culturais, por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo, ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 18. *Prazo e xustificación*

1. O prazo para xustificar as axudas será:

– Para feiras ou festivais realizados ata a data de aceptación da axuda, dez (10) días hábiles desde a data de aceptación.

– Para feiras ou festivais que teñan lugar con posterioridade á data de aceptación, dez (10) días hábiles desde o remate da feira ou do festival subvencionable.

2. As persoas beneficiarias das axudas, para percibiren a subvención, quedan obrigadas a acreditar a realización dos gastos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento, no prazo establecido nesta orde.

3. Para a xustificación das axudas deberase presentar a seguinte documentación:

a) Copia do certificado de asistencia á feria ou ao festival internacional do sector do libro, con especificación do lugar e datas de realización, emitido pola entidade organizadora,



de ser o caso, ou ben calquera outro xustificante oficial da entrada da persoa beneficiaria da axuda.

b) Memoria das actividades levadas a cabo en relación coa finalidade da subvención solicitada, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria deberá estar asinada pola persoa solicitante.

c) Memoria económica que inclúa unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor, do documento de gasto ou factura, o importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de desprazamentos fóra da zona euro, terá que indicar a conversión a euros dos gastos xustificados, segundo establece o Banco de España ou os bancos nacionais de referencia.

d) Certificación da persoa solicitante que acredite que as facturas corresponden ás actividades obxecto da subvención.

e) Declaración das axudas solicitadas ou recibidas para o mesmo obxecto ou concepto para os cales se solicita esta subvención. Poderase empregar o modelo previsto no anexo II.

f) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Poderase empregar o modelo previsto no anexo III.

4. Os gastos de transporte refírense só aos gastos de ida e volta desde España á localidade onde se realice a actividade e, no caso de billetes electrónicos, deberanse xuntar as tarxetas de embarque. Nos gastos da viaxe inclúense os de emisión dos billetes, así como os correspondentes ás taxas e aos impostos directamente relacionados coa emisión daqueles.

5. Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

a) Xustificante bancario do pagamento pola persoa beneficiaria (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo polo portelo ou certificación bancaria), en que

CVE-DOG: 3wbeabd9-chx0-3d60-4vf3-0exk31xmoch1



conste o número da factura obxecto do pagamento. Identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir coa persoa beneficiaria da axuda. Identificación da persoa destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa e/ou entidade que emitiu a factura.

b) Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, non supere os 1.000 euros. Neste caso, o pagamento xustificárase mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión «recibín en metálico».

6. A Dirección Xeral de Políticas Culturais poderalles requirir en todo momento ás persoas solicitantes que acheguen a documentación complementaria que xulgue necesaria co fin de completar a solicitude e xustificar a axuda.

7. Cando as actividades sexan financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberanse acreditar na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19. Obrigas das persoas beneficiarias

1. As persoas beneficiarias desta axuda quedan suxeitas ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As persoas beneficiarias das axudas terán a obriga de facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 20. Reintegro da axuda e procedemento sancionador

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que a persoa beneficiaria da axuda incumpra algunha das condicións ou obrigacións estipuladas, a Consellería de Cultura e Turismo instruirá o correspondente



expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, citada no punto anterior.

3. Toda alteración das condicións observadas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 21. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 22. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Consellería de Cultura e Turismo a través dos seguintes medios:

a) Portal web oficial desta consellería (<https://www.cultura.gal>) onde, ademais de obter os modelos normalizados de solicitude, se poderá descargar o texto íntegro desta orde.

b) Así mesmo, poderase obter información xeral deste procedemento na Guía de procedementos e servizos na páxina web da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal>).



Artigo 23. *Remisión normativa*

No desenvolvemento desta orde observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - c) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega.
- E supletoriamente:
- d) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, reguladora dos requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico, que resultan de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.
 - e) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - f) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - g) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 24. *Recursos*

Contra os actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñer o interesado recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución, ou potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo.

Disposición adicional. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo, coas finalidades de

CVE-DOG: 3wbeabd9-chx0-3d60-4vf3-0exk31xmoch1



levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, e esta circunstancia reflectirase no dito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Políticas Culturais, no ámbito das súas competencias, para que dite as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura e Turismo

CVE-DOG: 3wbeabd9-chx0-3d60-4vf3-0exk31xmoch1




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO I

PROCEDIMENTO SUBVENCIONS PARA A PARTICIPACION DE PERSOAS ESCRITORAS, ILUSTRADORAS E TRADUTORAS NOS FESTIVAIS E NAS FEIRAS INTERNACIONAIS DO SECTOR DO LIBRO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO CT221A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---------------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO						
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
☐ Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
☐ Postal (cúbrase o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).							
As notificacións que se efectúen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.							
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)						
	IBAN						

ÁMBITO XEOGRÁFICO. NOME E DATA APROXIMADA DA CELEBRACIÓN DA FEIRA OU FESTIVAL INTERNACIONAL	
Só se pode solicitar para a asistencia a unha feira ou festival. Debe indicar o nome e posible data de realización	
☐ EUROPA ☐ FÓRA DE EUROPA	
NOME	DATA

CVE-DOG: 3wbeabd9-chx0-3d60-4vf3-0exk31xmoch1


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO I (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que desenvolve a súa actividade, obxecto da subvención, no sector do libro no ámbito da Comunidade Autónoma galega.
8. Ter publicado a súa obra en Galicia e na actividade para a cal se solicita a subvención nos tres anos anteriores á publicación desta orde.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante, de ser o caso.
- ☐ Memoria xustificativa da necesidade e motivación da asistencia á feira ou festival internacional solicitado.
- ☐ Copia do último recibo do imposto de actividades económicas, certificado de exención, no caso de proceder, ou declaración xurada de tal exención.
- ☐ Copia da alta en autónomos, de ser o caso.
- ☐ Documentación onde se faga constar o ISBN e o depósito legal dos títulos publicados nos tres anos anteriores á data de publicación desta orde, de ser o caso.
- ☐ Un exemplar completo da obra para a cal se solicite a axuda, de ser o caso. Deberase achegar en soporte papel tal e como se recolle no artigo 8, número 2, desta orde.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante.	☐
DNI ou NIE da persoa representante.	☐
Alta no imposto de actividades económicas (IAE) na actividade para a cal se solicita a axuda.	☐
Certificado de domicilio fiscal.	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias á Axencia Estatal de Administración Tributaria.	☐
Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social.	☐
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga.	☐



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e dos contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 12 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a participación de persoas escritoras, ilustradoras e tradutoras nos festivais e nas feiras internacionais do sector do libro que teñan lugar en 2019, e se convocan para o dito ano (código de procedemento CT221A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

galicia



Xacobeo 2021

Dirección Xeral de Políticas Culturais

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO**
ANEXO II
**DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA OS PROXECTOS E CONCEPTOS PARA OS CALES SE SOLICITA
ESTA SUBVENCIÓN**
**CT221A - SUBVENCIÓNS PARA A PARTICIPACIÓN DE PERSOAS ESCRITORAS, ILUSTRADORAS E TRADUTORAS NOS FESTIVAIS E NAS FEIRAS
INTERNACIONAIS DO SECTOR DO LIBRO**
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DECLARA que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención e a suma delas non supera o importe total do investimento realizado para este fin. Son as que a seguir se relacionan:

PROGRAMA	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de



Xacobeo 2021

Dirección Xeral de Políticas Culturais


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

CT221A - SUBVENCÍONS PARA A PARTICIPACIÓN DE PERSOAS ESCRITORAS, ILUSTRADORAS E TRADUTORAS NOS FESTIVAIS E NAS FEIRAS INTERNACIONAIS DO SECTOR DO LIBRO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARA

Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.


SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

**Xacobeo 2021**

Dirección Xeral de Políticas Culturais

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>